



INTERVENCIÓN

**INFORME SOBRE OS MARCOS ORZAMENTARIOS DO PERÍODO 2015-2017**

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, está a requirir que antes do día 31/03/2014, por ser este o último día que está aberta plataforma, se faga a remisión da información sobre os marcos orzamentarios para o período 2015-2017, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do Minhap.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo  
 Expediente 1023325/140  
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>  
 Data impresión: 23/06/2014 11:23  
 Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B  
 Páxina 1 de 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo  
Expediente 102325/140  
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>  
Data impresión: 23/06/2014 11:23  
Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B  
Páxina 2 de 8

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das aportacións.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e aos Organismos Autónomos Administrativos seguintes:

Instituto Municipal dos Deportes

Escola Municipal de Artes e Oficios

Parque das Ciencias Vigo Zoo

Xerencia Municipal de Urbanismo

*Taxa de referencia de crecemento da economía española.*

En canto á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), estaba fixada para o período 2013-2015, no 1,7%, 1,7% e 2% respectivamente.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía e Competitividade elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 102325/140

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/06/2014 11:23

Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B

Páxina 3 de 8

O Devandito informe conterà, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Segundo o último informe de situación da economía española, de 25 de xuño de 2013, estímase para o período 2014-2016 como límite o 1,5%; 1,7% e 1,9% respectivamente, que supón un axuste á baixa en relación coa TRCPIB prevista até esa data.

En consecuencia, a variación tendencial, terá que estar dentro dos límites establecidos aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 12 da LOEOSF.

#### *Orzamento de partida aos efectos de fixar o marco orzamentario*

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación cos marcos orzamentarios para o período 2015-2017, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2013, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 05/02/2014, que xa foi enviada ao Minhap na remisión de datos do 4º trimestre do ano 2013. A partires desa información, xa se teñen elaboradas as previsións e os límites orzamentarios para o ano 2014, sempre dentro das variacións da TRCPIB, proxectándose aos anos 2015, 2016 e 2017.

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos, nin reaxuste de servizos, polo tanto, coas excepcións que se comentarán, non van ter repercusión nos marcos orzamentarios para o período referenciado.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e co Anteproxecto de Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, polo tanto, o impacto real da Lei 27/2013, vai quedar moi amortecido pola Lei Galega, polo que, se fose o caso, os axustes incorporárianse no marco orzamentario do período 2016-2018.

Competencia para a aprobación dos Marcos Orzamentarios.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Economía e Facenda.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 102325/140

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/06/2014 11:23

Código de verificación: 2DEE3-E4E52-282DD-E253B

Páxina 4 de 8

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os marcos orzamentarios correspondentes ao período 2015-2017, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das necesidades que xurdan.

#### *Criterios tidos en conta para a formación dos marcos orzamentarios*

Tendo en conta que o marco orzamentario está a avaliar as previsións sobre as obrigas recoñecidas e os dereitos liquidados, pode non haber unha situación cuantitativa coincidente entre ambos estados. En todo caso, sempre terán que ser maiores ou iguais os dereitos liquidados que as obrigas recoñecidas, o que suporá un equilibrio ou un superávit, sempre e cando este estea calculado en termos do SEC 95 (fanse axustes en relación coa recadación).

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.1.3, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista, que se tivo en conta a dos últimos anos, tendo en conta o orzamento corrente e os pechados.

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nos custos da débeda, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, amortización ordinaria da débeda viva, etc. Ademais, como punto de partida, teñen a súa orixe na avaliación previa dos ingresos liquidados do ano 2013. En canto a previsión de liquidación do ano 2014, están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos cinco anos e o contexto actual, de aí, que se manteñan practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2014-2017, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2013.

Aínda que a información que se enviará ao MINHAP e a correspondente ao período 2015-2017, a información que se avalía tamén recolle o ano 2014, por constituír este o punto de partida co orixe na Liquidación do ano 2013.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 102325/140

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/06/2014 11:23

Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B

Páxina 5 de 8

Os Gastos do capítulo I, non teñen crecemento algún para o ano 2014, fixándose un crecemento do 1% para os anos 2015-2017. Esta previsión de crecemento, non está fundamentada nun crecemento da plantilla, senón nunha previsión de actualización dos salarios mediante a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para ese período, de non acontecer esa actualización, a plantilla manterase nos termos actuais.

O capítulo II, no ano 2014, ten unha variación en relación co ano 2013: a causa é a de incorporar as variación do IPC e as actualizacións dos contratos en termos da fórmula polinómica que lle afecte e a variación do maior custo no tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos. No hai novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algún é a costa de diminuír outro como fonte compensatoria de financiamento (pay-go).

O capítulo de investimentos ten axustes, xa que a apelación ao mercado de capitais para a concertación de operacións de préstamo para o financiamento dos mesmos tamén é mais baixo. No entanto, hai un maior financiamento das operacións de capital non financeiro con recursos propios, de aí, que a contía total do capítulo VI e VII, tan só teña un financiamento alleo de 6.800.000 euros no ano 2014 e 5.000.000,00 nos anos 2016-2017.

Tamén a amortización de pasivos é menor, xa que os capitais por operacións financeiras tamén está a ter menor contía. Na avaliación tan só se tiveron en conta as amortizacións ordinarias, xa que as extraordinarias non figuran inicialmente no orzamento, a súa dotación farase ano a ano con cargo ao remanente de tesourería positivo para gastos xerais, polo tanto, a amortización extraordinaria prevista para o ano 2014-2016, terá que ser obxecto dunha modificación orzamentaria.

En consecuencia, de materializarse o devandito plan de amortización extraordinaria da débeda, a información que se remite neste marco orzamentario, terá importantes cambios, xa que a débeda viva a finais dos anos de referencia, será menor, e como resultado, a ratio de débeda/ Ingresos correntes será mais favorable. En todo caso, tal e como se está a informar, inicialmente o marco orzamentario vai recoller o contido nos contratos asinados e nas anualidades ordinarias de amortización previstas nos mesmos.

No capítulo IV do estado de gastos, nas previsións feitas, estanse a manter as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente.

Tamén se recolle a compra no ano 2015 dos terreos para a Cidade da Xustiza.

En materia de ingresos, en canto a contía dos Tributos do Estado que veñen representados pola cesión do IRPF, IVE e ILEE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para o ano 2014 se fai a previsión de acordo a notificación feita polo MINHAP, e a correspondente aos anos 2015 - 2017, é o seguinte: crecemento dun 0,5% no ano 2015, un 0,5% para o ano 2016 e 1% para o ano 2017, moi inferior que a TRCPIB, 2015, 1,7% e 1,9% para o ano 2016. Para o ano 2017 no está aprobada, aínda que non é probable que sexa inferior ca do ano 2016.



Nos pasivos a concertar, está prevista operación para o ano 2014, 2016 e 2017, as operacións é polas contías que se amortiza neses anos. Se se adoptasen acordos en relación cunha amortización extraordinaria de débeda, e como consecuencia desa decisión a amortización ordinaria de débeda dos anos 2015-2017 fose menor, a concertación da operación deses anos, sería obxecto de axuste á baixa.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2014, son o resultado da consolidación do marco orzamentario do 2014 en relación coa Liquidación do ano 2013. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, deducindo as transferencias correntes e de capital que se producen entre a Entidade e os OO.AA e entre estes e a Entidade Local.

Estado de gastos consolidado

Capítulos	2014	% Variación	2015	% Variación	2016	% Variación	2017
A) Detalle de Gasto Corrente N.F							
I	66.866.480,22		67.535.145,02		68.210.496,47		68.892.601,43
II	111.991.570,30		114.231.401,70		115.373.715,70		116.527.452,90
III	728.430,44		713.861,83		699.584,59		699.584,59
IV	26.708.041,50		27.708.041,50		27.157.121,92		28.208.693,13
Fondo de continxencia	200.000,00		200.000,00		200.000,00		200.000,00
<b>Total G. Corrente N. Financeiro</b>	<b>206.494.522,46</b>	<b>1,89%</b>	<b>210.388.450,05</b>	<b>0,60%</b>	<b>211.640.918,68</b>	<b>1,36%</b>	<b>214.528.332,05</b>
B) Detalle Gastos capital Financ.							
VI	17.703.072,40		15.455.507,53		12.595.569,46		11.125.347,93
VII	464.213,41		546.133,42		546.133,42		551.594,75
Gasto capital NF	18.167.285,81	-11,92%	16.001.640,95	-17,87%	13.141.702,88	-11,15%	11.676.942,68
<b>Total Gasto N. Financeiro</b>	<b>224.661.808,27</b>	<b>0,77%</b>	<b>226.390.091,00</b>	<b>-0,71%</b>	<b>224.782.621,56</b>	<b>0,63%</b>	<b>226.205.274,73</b>
C) Detalle Gastos Capital Financ.							
VIII	10.680.040,18		5.680.040,18		680.040,18		680.040,18
IX	6.800.355,46		6.795.355,47		5.285.965,21		5.785.965,21
<b>Total Gasto Financeiro</b>	<b>17.480.395,64</b>	<b>-28,63%</b>	<b>12.475.395,65</b>	<b>-52,18%</b>	<b>5.966.005,39</b>	<b>8,38%</b>	<b>6.466.005,39</b>
Total Orzamento	242.142.203,91	-1,35%	238.865.486,65	-3,40%	230.748.626,95	0,83%	232.671.280,12

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo  
 Expediente 102325/140  
 Póde validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>  
 Data impresión: 23/06/2014 11:23  
 Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B  
 Páxina 6 de 8



Estado de ingresos Consolidado

Capítulos	2014	%Variación	2015	%Variación	2016	%Variación	2017
A) Detalle de ingresos correntes							
<b>I e II</b>	<b>112.764.447,67</b>		<b>113.328.269,90</b>		<b>113.894.911,26</b>		<b>115.033.860,36</b>
IBI	66.136.358,58		66.467.040,37		66.799.375,59		67.467.369,31
IAE	13.407.809,08		13.474.843,13		13.542.222,36		13.677.644,59
IVTM	15.437.596,48		15.514.784,46		15.592.358,38		1.574.828,97
IIVTNU	6.146.277,29		6.177.008,67		6.207.893,72		6.269.972,66
ICIO	1.333.163,01		1.339.828,82		1.346.527,97		1.359.993,25
Cesión Tributos Estado	10.303.243,23		10.354.759,45		10.406.533,24		10.510.598,58
<b>III</b>	<b>46.090.178,18</b>		<b>46.320.629,08</b>		<b>46.552.232,22</b>		<b>47.017.754,54</b>
<b>IV</b>	<b>72.643.140,01</b>		<b>73.006.355,71</b>		<b>73.371.387,48</b>		<b>74.105.101,37</b>
FCF	60.943.183,60		61.247.899,52		61.554.139,01		62.169.680,41
Resto transferencias e subvencións	11.699.956,41		11.758.456,19		11.817.248,47		11.935.420,96
<b>V</b>	<b>3.254.252,29</b>		<b>3.270.523,55</b>		<b>3.286.876,17</b>		<b>3.319.744,93</b>
<b>Total I. Corrente N. Financeiro</b>	<b>234.752.018,15</b>	<b>0,50%</b>	<b>235.925.778,24</b>	<b>0,50%</b>	<b>237.105.407,13</b>	<b>1,00%</b>	<b>239.476.461,20</b>
<b>B) Detalle Ingresos Capital N.F</b>							
VI			6.000.000,00				
VII	,00				,00		,00
Ingresos capital NF	,00		6.000.000,00		,00		,00
<b>Total Ingresos N. Financeiros</b>	<b>234.752.018,15</b>	<b>3,06%</b>	<b>241.925.778,24</b>	<b>-1,99%</b>	<b>237.105.407,13</b>	<b>1,00%</b>	<b>239.476.461,20</b>
<b>C) Detalle Ingresos Financeiros</b>							
VIII	680.040,18		680.040,18		680.040,18		680.040,18
IX	6.800.000,00		,00		5.000.000,00		5.000.000,00
<b>Total Ingreso Financeiro</b>	<b>7.480.040,18</b>		<b>680.040,18</b>		<b>5.680.040,18</b>		<b>5.680.040,18</b>
Total Orzamento	242.232.058,33	0,15%	242.605.818,42	0,07%	242.785.447,31	1,00%	245.156.501,38

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 102325/140

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/06/2014 11:23

Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B

Páxina 7 de 8



Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2014	Variación	2015	Variación	2016	Variación	2017
Saldo operacións correntes N.F	28.257.495,69		25.537.328,19		25.464.488,45		24.948.129,15
Saldo operacións capital N.F	-18.167.285,81		-10.001.640,95		-13.141.702,88		-11.676.942,68
Saldo operacións non financeiras	10.090.209,88	53,97%	15.535.687,24	-20,68%	12.322.785,57	7,70%	13.271.186,47
(+/-) axustes, SEC-95	-9.877.775,17		-11.579.298,22		-10.514.572,80		-10.833.955,45
Capacidade (+) / Necesidade (-)	212.434,71		3.956.389,02		1.808.212,77		2.437.231,02
Débeda viva a 31/12	38.955.798,95	-17,44%	32.160.443,48	-0,89%	31.874.478,27	-2,47%	31.088.513,06
A curto prazo	6.795.355,47		5.285.965,21		5.785.965,21		6.285.965,21
A longo prazo	32.160.443,48		26.874.478,27		26.088.513,06		24.802.547,85
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados	16,60%	-17,47%	13,69%	-1,46%	13,49%	3,34%	13,04%

Amortización ordinaria de débeda 2014-2017

Pte. 2013	Amort. 2014	Pte. 2014	Amort.2015	Pte.2015	Amort.2016	Pte 2016	Amort.2017	Pte.2017
38.956.154,41	-6.800.355,46	,00	-6.795.355,47	32.160.443,48	-5.285.965,21	31.874.478,27	-5.785.965,21	31.088.513,06
	6.800.000,00	38.955.798,95			5.000.000,00		5.000.000,00	

En resumo, tendo en conta a TRCPIB e as directrices en relación coas magnitudes non tendenciais do Sr. Alcalde-Presidente, estes son os marcos orzamentarios elaborados para o período 2014-2016, que serán enviados ao MINHAP para dar cumprimento ao requirimento dos mesmos antes do día 31/03/2014.

En Vigo a 10 de marzo de 2014  
O Interventor Xeral

Luis García Álvarez

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo  
Expediente 102325/140  
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>  
Data impresión: 23/06/2014 11:23  
Código de verificación: 2DEB3-E4E52-282DD-E253B  
Páxina 8 de 8